



Concello de Arbo

Expediente nº: 282/2021

Asunto: Contrato de administración e mantemento integral en réxime de aluguer sen opción de compra de equipo multifunción (fotocopiadora, impresión e escaneado) con destino á Casa do Concello de Arbo.

Procedemento: Contratación a través de procedemento aberto

PATRICIA HERNANDEZ ESTEVEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE ARBO (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que pola Xunta de Goberno local de data 29 de abril de 2021, adoptouse o seguinte acordo:

“3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE E PREGOS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL EN RÉXIME DE ALUGUER, SE OPCIÓN DE COMPRA, DE EQUIPO MULTIFUNCIÓN (FOTOCOPIADORA, IMPRESIÓN, ESCANEADO E FAX9 CON ESTINDO Á CASA CONSISTORIAL, A TRAVÉS DE PROCEDIMENTO ABERTO, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, E EN TRAMITACIÓN ORDINARIA.

Visto que o Concello de Arbo ten a necesidade de proceder á contratación da administración e mantemento integral en réxime de aluguer sen opción de compra de equipo multifunción (fotocopiadora, impresión, escaneado e fax) con destino á Casa do Concello de Arbo.

Vista que a razón que xustifica a contratación é que o Concello carece dos medios ou equipamento técnico que se pretende suministrar, non dispoñendo así mesmo de persoal especializado que realice o mantemento adecuado dos equipos.

Ademais afecta a servizos básicos que deben prestar as entidades locais, tal como dispón o art. 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Os obxectivos principais que se desexan alcanzar son:

- Racionalizar o sistema de impresión e fotocopiado actual mediante a redución de custos de impresión e copia.
- Servizo de mantemento preventivo e correctivo in-situ.
- Subministración e xestión da reposición dos consumibles.
- Substitución de equipos por avaría.
- Control de uso mediante contadores de consumo por usuarios.
- Adaptación de todo o sistema para o desenvolvemento da administración electrónica.

Visto que as características do contrato que se pretende adxudicar, resúmense no seguinte cadro:

Tipo de contrato: Subministro





Concello de Arbo

Obxecto do contrato: administración e mantemento integral en réxime de aluguer sen opción de compra de equipo multifunción (fotocopiadora, impresión, escaneado e fax) con destino á Casa do Concello de Arbo	
Procedemento de contratación: Aberto	Tipo de Tramitación: Ordinaria
Código CPV: 30120000-6 Fotocopiadoras, máquinas offset e impresoras.; 30121100-4 Fotocopiadoras.; 50313200-4 Servicio de mantemento de fotocopiadoras	
Valor estimado do contrato: 22.313,75 €/60 meses, é dicir, 4.462,75 €/año	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 22.313,75 €/60 meses, é dicir, 4.462,75 €/año	IVE%: 21%: 4.685,89 €/60meses, é dicir, 937,18 €/ano
Orzamento base de licitación IVE incluído: 26.994,64 €/60 meses, é dicir, 5.399,93 €/ano	
Duración do contrato: 60 meses (5 anos)	
División en lotes: NON	

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 16.04.2021 no que se xustifica a celebración do presente contrato, se inicia o expediente para a contratación da subministración e mantemento integral en réxime de aluguer sen opción de compra de equipo multifunción (fotocopiadora, impresión e escaneado) con destino á Casa do Concello de Arbo, a través de procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adjudicación, e en tramitación ordinaria, e se ordena a redacción dos pregos.

Visto o informe de Secretaría de data 26.03.2021, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e o certificado de existencia de crédito emitido pola Secretaría-Intervención en data 27.04.2021.

Visto que con data 27.04.2021, incorporáronse ao expediente os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

Visto que con data 27.04.2021, emitíuse informe de fiscalización da Fase A por parte de Intervención.

Examinada a documentación que a acompaña, vistos os informes que obran no expediente, e vista a Proposta de Alcaldía de data 27.04.2021, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, EN CANTO QUE ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMPETENTE, POR DELEGACIÓN DO PLENARIO POR ACORDO DE 26 DE XUÑO DE 2019, ACÓRDASE:**





Concello de Arbo

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación da sumministración e mantemento integral en réxime de aluguer sen opción de compra de equipo multifuncion (fotocopiadora, impresión, escaneado e fax) con destino á Casa do Concello de Arbo, mediante Procedemento Aberto, trámite ordinario, multiplicidade de criterios de adxudicación, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente á anualidade 2021 nas aplicacións orzamentarias 920.206 e 920.227 do orzamento prorrogado cara o exercicio 2021, debendo habilitar o crédito adecuado e suficiente para asumir as obrigas económicas derivadas desta contratación nos orzamentos dos exercicios aos que se estenda a presente contratación, sendo o detalle o seguinte:

Exercicio	IMPORTE
2021	4.049,95 €
2022	5.399,93 €
2023	5.399,93 €
2024	5.399,93 €
2025	5.399,93 €
2026	1.349,97 €

CUARTO. Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SÉTIMO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

Presidente: Horacio Gil Expósito, Alcalde-Presidente do Concello de Arbo, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- Patricia Hernández Estévez, Secretaria-Interventora do Concello, ou persoa en quen delegue.
- Sandra Álvarez Pérez, Auxiliar Administrativa do Concello, ou persoa en quen delegue.





Concello de Arbo

- Ángel Luís Álvarez Pérez, Administrativo-Tesoureiro do Concello ou persoa en quen delegue.
- Salomé Troncoso Vieitez, Concelleira do Concello de Arbo, ou persoa en quen delegue.
- María del Mar Gil Rodríguez, Administrativa do Concello de Arbo, que actuará como secretaria da mesa de contratación, ou persoa en quen delegue.

OITAVO. Finalizado o prazo de presentación de propostas, procederase pola mesa de contratación. á apertura das propostas e á súa valoración.

NOVENO. Efectuada a valoración das propostas e a proposta de adxudicación, e tras a presentación da documentación acreditativa dos requisitos do artigo 140 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, requirida ao licitador proposto, procederase á adxudicación do contrato polo órgano de contratación.”

E para que así conste, aos efectos procedentes, expido a presente, de orde e co Vº Pa do Sr. Alcalde.

O alcalde. Horacio Gil Exposito. Sinatura dixital á marxe

A Secretaria-Interventora. Patricia Hernández Estévez. Sinatura dixital á marxe.

